

MAIO-XUÑO 2024

Revista Galega de Información Literaria - Ano 22 N.º 128

PVP 3 €

Caamaño&Ameixeiras falan do seu segundo traballo discográfico *Quitar o aire*

Unha mostra na librería Biblos recolle por primeira vez obra plástica do poeta Manuel Álvarez Torneiro no seu quinto cabodano

Biblos

CLUBE DE LECTORES

MAT



Poesía memorable, enaltecemento da paisaxe

Para a segunda xornada que a librería Biblos dedicou este ano a Luísa Villalta contamos coa participación das poetas Pilar Pallarés e Eva Veiga, nun acto que resultou memorable. A maxia estivo en como nos achegaron a vida e pormenores da obra de Luísa Villalta e tamén no xeito en que leron e recitaron poemas da autora á que se lle dedica este ano o Día das Letras, a quen ambas trataron en vida. Pilar Pallarés e Eva Veiga prepararon a escolma e os textos complementarios para o libro que Chan da Pólvora publicou baixo o título *Así vou eu, formando parte*, dous estudos profundos e ao tempo diáfanos que permiten que non se saia igual da obra multixenérica e singular de Luísa Villalta a como se entrou. Só uns días antes presentáramos *Enxertos* (Apiario) o libro de poemas de Dores Tembrás. “Veño dunha estirpe de enxertadores”, confiounos rotunda a poeta nada máis comezar.

Luís G. Soto falou de *O camiño dos faros* (Espiral Maior), un diario dos seus percorridos por este itinerario de intensa beleza. Fíxoo acompañado polo tamén filósofo e profesor Miguel Ángel Martínez Quintanar quen se referiu ao libro como un tratado de ética ambiental e un texto que convida a redescubrir a beleza e que reivindica un ocio diferente. Luís G. Soto fixo gran fincapé na necesidade de descubrir e protexer o camiño e en gozosa transformación que xera na vida das persoas o contacto coa natureza.

Neste percorrido polos actos do bimestre, o escritor Xabier López achegou *Contrabiografía* (Galaxia) a obra na que fai un salto en picado dende o privado e o pasado para falar da súa intrahistoria persoal e familiar. O libro leva o peso dun mandato ou dunha herdanza en vida que o autor resume con sinxela precisión nunha frase que resoa en moitas mentes: “Ha chegar un día en que ninguén fale dos teus avós e todo o que se poida dicir deles dependerá de ti”. A historia familiar pódese narrar de moitas maneiras e o autor betanceiro deu coa clave para facer da súa un relato ameno que se vai contando a partir dos outros.

Recibimos tamén a Carlos Labraña, un dos autores de obras de teatro máis premiados da literatura dramática infantil galega, que fixo unha lectura de fragmentos da súa obra *Mambrú volveu da guerra* (Xerais), e a Rosa Aneiros para achegar *A noite das cebolas* (Xerais), unha novela sedutora na que fala da beleza, a fragilidade, a observación da natureza, os cuidados, a culpa, os segredos e as medias verdades. Unha obra optimista malia que a protagonista encara a rec-

ta final da súa existencia, porque a vida, “ata o derradeiro minuto de alento, garda un ás na manga” e sempre pode haber “un gol no tempo de desconto”.

Poesía e música amalgamaron á perfección na presentación do libro de fotopoesía de Carmen Villar Alonso *Os mil e un días* (Xerais). O músico e compositor vigués Alex Montegudo puxo voz e música a algúns dos poemas de Carmen, quen estivo tamén acompañada pola súa comadre literaria María Álvarez Landesa e polo poeta e xornalista betanceiro Xosé Luís Sobrino. Carmen Villar probou ser unha veterana das letras. Confiou detalles sobre como levou adiante a escolma de poemas que figuran no libro entre os moitos que leva publicados en redes sociais e do exercicio que supón “colgar” un poema cada día.

O asturiano Ignacio Somovilla, toda unha autoridade cando se trata de falar de xardíns singulares, destacou o carácter único do Pasatempo. El é o editor do libro máis excepcional que se leva publicado sobre o parque enciclopédico de Betanzos, *El Pasatiempo y otros jardines (extra)ordinarios*, unha obra que recolle, nunha moi ben cuidada edición, traballos de distintos artistas como Vari Caramés, Robert Waters e Federico Granell. Somovilla fai nesta obra un personísimo percorrido por outros xardíns bizarros, utópicos e distópicos do mundo. Estivo acompañado do historiador betanceiro Ángel Arcay, autor dun traballo no que expón trece claves masónicas que axudarían a interpretar a razón de ser deste parque. Ambos, Arcay e Somovilla, abordaron as luces e sombras que rodean este enclave no que a mestura é en si mesma unha arte, e no que a pegada do tempo deixou marcado a lume o alcance da estulticia humana.

Coa brillantez á que nos teñen afeitos, Manolo González e Raúl Veiga fixeron unha proverbial achega á figura de Rey Soto para explicar que é o que facía un cura galego que en 1922 fundou en Vigo a produtora Celta Films, foi tamén poeta, bibliófilo, bohemio, sedutor, visionario, sibarita e que acadou gran sona internacional detrás dunha cámara de cine. Foi na presentación da obra de Manolo González *O Beshi de Galicia. O arrebato cinematográfico de Rey Soto*, editada por Alvarellos.

E para celebrar o Día do Libro tivemos a fortuna de sacar os nosos á praza do Lanzós nunha xornada festiva na que nos visitou Ramón D. Veiga co seu Miñoca Tour e nos acompañaron no apartado musical Pablo Rubén Fernández (guitarra) e Andrea Seijo (voz).

11 de maio
Librería Biblos
Caamaño&Ameixeiras
Presentan
Quitar o aire

Caamaño&A
“quitan o
disco máis p

“Se cadra, pasamos de s

—Que é o que mudou entre *Aire!* e *Quitar o aire?*

—*Aire!* é un disco moi luminoso, alegre, de celebrar e de compartir. É a nosa presentación ao mundo. *Quitar o aire* é máis profundo e visceral. Nel espímonos completamente. Tamén o consideramos máis persoal, no senso de que fala máis de nós e do momento no que estamos cada unha, coas nosas fortalezas e as nosas vulnerabilidades. Ademais, é un traballo conceptual, inspirado na ritoloxía e na maxia popular, e isto xa o enmarca nunha escuridade que se afasta da atmosfera feliz do primeiro álbum. Se cadra, pasamos de ser riquiñas a ser máis poderosas e un pouco máis punkys.

A Portada

Collage do poeta Manuel Álvarez Torneiro. Unha disciplina creativa que manexaba na intimidade con mestría. As súas pezas adoitaba agasallalas a amizades e achegados. (Fotografía de Mark Ritchie).



Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio

15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: subscritores@biblosclube.com

Dépósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440



Sabela Caamaño (acordeón cromático) e Antía Ameixeiras (violín e voz) forman o dúo galego máis vizoso ligado á música e ao baile de raíz. Logo do éxito colleitado no seu primeiro disco, *Aire!* (Premio Martín Códax da Música 2021 na categoría de Folk, 1º Premio no Folkez Blai 2021 e Premio Opinión da Música de Raíz ao disco do ano 2021), embridan música popular e recursos contemporáneos no seu segundo traballo discográfico bautizado cun xogo de palabras, *Quitar o aire*, no que novamente se mesturan música de raíz e arranxos moi vivos. Nesta entrevista que responden ao unísono falan de honestidade, da súa evolución musical nos seis anos de vida como formación, e aseveran rotundas que senten o seu labor musical “como algo 100% noso, no que nos espimamos emocionalmente e nos entregamos por completo”

Ameixeiras
o aire” cun
profundo e
visceral

er riquiñas a ser máis poderosas e un pouco máis Punkys”

—E como se transforma en sons esa busca de inspiración na ritoloxía e na maxia popular?

—Cada peza do disco está inspirada nun rito da nosa ritoloxía popular. O xeito de “materializar” esa inspiración en música é diverso. Hai cancións que están concibidas dun xeito case programático, imaxinando unha historia vinculada a un rito. Outras nas que partimos de ensalmos populares empregados en determinados ritos e utilizámoslos como base literaria. Noutros temas o rito é unha inspiración máis de tipo emocional, onde tentamos “traducir” en música as emocións que nos suxire ou nos xera no corpo.

—A fórmula violín-acordeón-voz non é manida por aquí. Como foi a decisión de elixir esta combinación?

—A verdade é que a formación instrumental non foi algo pensado previamente, xurdiu de maneira orgánica. É dicir, primeiro foi Antía e Sabela e despois foi violín, acordeón e voz. Por circunstancias bonitas da vida, coincidimos e conectamos musicalmente de forma moi potente, e xusto coincidiu que eses son os nosos instrumentos. En calquera caso, cremos que é unha formación instrumental que funciona e empasta moi ben a nivel tímbrico, de feito no folk centroeuropeo é moi habitual. Aínda así, consideramos que o máis importante é facer algo honesto e de verdade, e que cando é así, existe unha conexión e emoción reais, o medio e a canle que se utilice é o de menos.

—E unha vez decidido, que acollida tivo esta formación instrumental?

—Sentimos que moi boa acollida. Non hai moitos máis grupos con esta fórmula

la por Galicia, e cremos que ademais conseguimos atopar un son moi persoal e característico. Moitas veces dinos que cando se escoita a nosa música, sábese que somos nós, e parécenos un pipro maravilloso.

—Que momento atravesamos a música de raíz en Galicia? Goza de boa saúde?

—A música de raíz está vivindo, sen dúbida, un momento boísimo. Hai moitísimas propostas de moita calidade facendo cousas moi bonitas e moi ben feitas. Ademais, grazas ao fenómeno Tanxugueiras, estase chegando incluso ao *mainstream*, algo que nunca pasara, xa non só coa música de raíz, senón en xeral coa música en galego. E diso temos que estar moi contentas e orgullosas todas as galegas.

—Como formación, Caamaño&Ameixeiras cumpre xa un primeiro se-

nio. Cara a onde queredes seguir evolucionando?

—Certo, estamos cumprindo sexenio. Queremos seguir consolidándonos como grupo e como proxecto e seguir facendo música, vivindo de facela e compartíndoa coa xente que queremos e admiramos.

Non só levamos con nós a experiencia musical, senón toda a lírica conceptual que hai detrás, que é moita e moi fascinante

—Bélxica, Portugal e Holanda acollerán os concertos máis próximos de Caamaño&Ameixeiras. Aínda que cada unha de vós estades moi afeitas a movervos individualmente na escena internacional, canto esforzo hai no proceso de saír fóra?

—Pois hai moito esforzo e traballo detrás, pero vivímolo con moitísima ilusión e emoción, o que fai que non pese, senón todo o contrario. De entrada, porque sentimos o feito de poder dedicarnos profesionalmente ao que nos apasiona como unha sorte inmensa. E despois, porque sentimos este traballo como algo 100% noso, no que nos espimamos emocionalmente e nos entregamos por completo, e poder compartir iso e contaxiar dalgún xeito parte desta emoción parécenos maravilloso. Ademais non só levamos con nós a experiencia musical, senón toda a lírica conceptual que hai detrás, que é moita e moi fascinante.



Caamaño&Ameixeiras
Quitar o aire

Provistas unicamente de violín, acordeón e voz, Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras convértese nunha das claves do renacer do folclore galego, celta e ibérico. Despois do seu primeiro álbum, *Aire!* (2021), Caamaño&Ameixeiras apelan agora ao rito purificador, á palabra precisa, á sabedoría ancestral. Ao caos e á renovación.

Referencia: 02-0107-941

15 €

Ledicia Costas



Foto: Plumeria


“Creo que esta é a novela máis radicalmente miña e vai supoñer un punto de inflexión en toda a narrativa para público adulto que eu escriba de agora en diante”. Ledicia Costas fala así de *Pel de cordeiro*. A obra volve a Merlo, o lugar onde se ambientaban os feitos de *Infamia*, aínda que a trama non teña relación coa da novela publicada en 2019. “Esta é unha novela que explica esa néboa que sobrevoa Merlo, unha novela do territorio das sombras”.

Ledicia Costas afonda no seu universo gótico e explora a práctica da bruxería en tempos da Inquisición con numerosas referencias a remedios e crenzas. O substrato da novela está nas vivencias da súa nenez. “A principal responsable de que eu escribise esta historia foi esa bruxa de pelo loiro cardado, unllas longuísimas e mans retorcidas coma poutas que tiña unha consulta ao lado da primeira casa en que eu me criei”, explica a escritora.

Pel de Cordeiro

Catarina pertence a unha estirpe de bruxas. Herda da súa avoa o oficio – Criase nunha consulta demencial, onde acoden enfermos con todo tipo de doenzas– e afonda nos segredos das plantas medicinais. Nos últimos anos da Inquisición, no medio da fame e a miseria, elas son o máis semellante a un doutor, pero cunha diferenza: son necesarias pero tamén odiadas. Lola é unha muller do século XXI que atravesará unha crise persoal. Entra en contacto cunhas forzas que non comprende. A ruptura coa súa parella, as súas dúbidas sobre a maternidade e o desbloqueo de recordos que tiña esquecidos provócanlle un colapso.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 344 páxinas
ISBN: 978-84-1110-540-8
18,52 €




Emma Pedreira



A boca da sombra

Alguén está a matar as prostitutas de Putown e o medo esténdese polas súas rúas porque na cidade son elas as que gobernan, as que tomaron conta do propio corpo para que non se lucre del máis ninguén. Unha novela desacougante e moi orixinal que utiliza os mecanismos do terror, da poesía e o humor para compoñer o seu universo.

Aira Rústica
13 x 21 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-127695-3-1
15,20 €



Diego Ameixeiras Un anarquista

Barcelona, primavera de 1977. Esta novela re-crea os sucesos máis vibrantes daquela breve primavera libertaria. Unha loita social que sería desbaratada, en xaneiro de 1978, polos servizos de intelixencia do Estado: o caso Scala. Miguel Duarte acaba de chegar á cidade. Ten vinte anos, traballa de camareiro nun bar das Ramblas e vive agardando algunha experiencia que o eleve por enriba da súa timidez. Para iso está Montse, unha estudante de familia acomodada pola que se sente atraído dende hai tempo.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-1110-515-6
16,62 €



Xabier López López Contrabiografía

Contrabiografía non é unha biografía á contra. Ou poida que si. Dela di o autor que é “unha velada chiscadela ao *Everybody's Autobiography*, de Gertrude Stein, onde se nos ensinou que a mellor maneira de falar dun mesmo é falar deles, dos outros, aquelas persoas e espazos contra os que nos recortamos coma unha sombra”. Unha obra da estirpe dos híbridos na que o motor é unha navegación río arriba, unha pescuda das orixes da memoria familiar.


Galaxia Rústica
15 x 23 cm 218 páxinas
ISBN: 978-84-1176-180-2
19 €



Sara Vila Alonso O incendio

Un relato sobre o lume, aínda que o importante sexa todo o que sucede antes de que comece arder. Unha adolescente narra os acontecementos que marcaron os meses previos ao devastador incendio que arrasou Neboeiro, a aldea da súa avoa, e cambioulle a vida para sempre. As primeiras experiencias sexuais, o acoso escolar, a morte e o forte vínculo coa súa avoa e cunha cadela abandonada determinan o devir da historia, ambientada nun rural descoñecido que esmorece.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-1110-514-9
17,05 €



Óscar Senra André

Uma grave acusación de cincuenta anos atrás agita a familia Fredberg, e dous irmáos deciden viaxar de Vedra a Oslo á procura de respostas. Mas, apesar de partilharem fuso horário, o tempo corre em paralelo na Galiza e na Noruega. Recordamos como às vezes golpeava suavemente o vidro do relógio com o dedo indicador e ficava calado olhando para ele, ausente. Um dia atreveu-se a perguntar-lhe que pensava nesse momento. A resposta chegou-lhe de mui longe, apenas audível.

Através Rústica
13 x 20 cm 160 páxinas
ISBN: 978-84-16545-90-2
13 €

Bieito Iglesias



Unha gripe cabaluda



O inspector Benito Marañao volve ás rúas desertas do confinamento pola "gripe cabaluda" que se estendeu polo mundo no 2020. Desta volta o retranqueiro policía terá que investigar a misteriosa morte dunha moza de quince anos, nun caso que non é o que parece. Bieito Iglesias volve enfiar os vimbios da novela negra co relato humorístico nunha obra con sotaque ourensán.

Aira Rústica 12 x 18 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-127695-2-4

15,20 €

Afonso Eiré



O militante

Para Martiño, a súa vida e a de milleiros de cidadáns da Oliva sería totalmente distinta se non saldase en Caixasur, pois foi aí onde comezaron a maioría dos problemas. Seguindo a máxima de John Berger de que "a imaxinación non é a capacidade de inventar, senón a capacidade de desvelar o que existe", Afonso Eiré escribe para aquelas persoas que queren saber.

Hércules Rústica 16,5 x 24 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-19754-47-9

22,80 €

Rexina Vega



O teu perfil na miña sombra

A partir da marcha da filla, estas páxinas recollen o relato do tempo marcado pola síndrome do niño baleiro que dá pé a unha reflexión sobre o complexo mundo das relacións materno-filiais, sobre o herdo e o que é propio e exclusivo, sobre a vivencia do corpo, sobre as sombras e mais o gozo. De fondo, a consciencia da tremenda ambivalencia dunha aventura que se debate entre o un e o diverso.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 154 páxinas

ISBN 978-84-1176-199-4

15,86 €

Paco Morgan
A rede branca

Trepicante novela negra ambientada na cidade portuaria de Úrvida (que se pode identificar con Vigo), cunha estrutura coral formada por catorce personaxes protagonistas que van entrelazando as súas historias para debuxar un regueiro de cocaína que circula desde restaurantes de luxo até patios de prisión. Un narcotraficante intenta converterse nun honorable empresario mediante un pelotazo urbanístico, mais o arresto casual do esbirro que agocha o seu último alixo ameaza con botar todo a perder. A crónica dunha tormenta perfecta que comeza cunha detención e remata de xeito imprevisíbel.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-1110-499-9

14,50 €


Juan Parceró
Na canella infinita

Dúas xeracións atópanse nunha vila consumida pola droga e poboada de fantasmas e sombras. Corren os anos 80, un tempo de gran creatividade e militancia cultural, pero tamén de moitas traxedias persoais, dor e morte. Un achado accidental e envelenado nunha praia coloca ao trío de protagonistas no bordo do precipicio. Historias paralelas que se bifurcan, as ansias de desaparecer e esquecer o medo, o ímpeto humano do auxilio e solidariedade, os remorsos e a procura de consolo, o terror cara a un futuro que non existe e a sabedoría dun pasado que sempre acompaña, forman parte dunha historia engaiolante e poliédrica onde moitos lectores e lectoras se reconecerán.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-1176-181-9

15,60 €

Marilar Aleixandre
Lobos nas illas

Pode lerse como unha novela ou como relatos encadeados sobre a memoria, os segredos das familias, as aldeas nun proceso acelerado de mudanza ou a Costa da Morte, un espazo que constitúe unha constante na obra de Aleixandre. A escrita delicada, a atención á creación de ambientes, o diálogo con textos literarios, son trazos da voz de Marilar Aleixandre que escolle o relato como o xénero no que máis goza escribindo.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 154 páxinas

ISBN: 978-84-1176-179-6

15,62 €

Marica Campo
Memoria para Xoana

Xoana, a que está por vir, a desexada, resultado dun acto libre de compromisos, recibe de súa nai o legado da memoria persoal e colectiva, que a sitúa na realidade das mulleres da familia e que lle entrega a modo de advertencia e prevención, mais tamén como impulso para buscar a propia felicidade e lugar no mundo. Non exenta de crítica social, esta historia, encadeada sobre a maternidade ao longo de distintas xeracións dunha familia, é tamén unha historia colectiva, que anima a loitar pola propia felicidade e a transformar a sociedade máis aló de convencionalismos.

Baía Rústica
14,30 x 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-9995-444-8

12 €


Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Manuel Esteban O xogo de Escher

Conectados ao gran computador central da compañía Escher, milleiros de seres humanos experimentan múltiples vidas, indistinguibles da vida real. Pero algúns xogadores conseguen chegar máis alá das aparencias. *"O xogo de Escher"* é unha distopía de ciencia ficción. Ou, talvez, unha novela histórica. Ou unha reflexión sobre o problema de demarcación de límites na ciencia. Ou un ensaio filosófico sobre o sentido da vida. Ou un revirado exercicio de metaliteratura que pretende romper a cuarta parede e interpelar o lector", di a editora.

Aíra Rústica
15,5 x 23 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-1110-539-2
16,62 €



Blanca Riestra Tritón

B., unha limpadora que vive ao carón do mar da Coruña, empeza a recibir visitas dunha criatura do mar, silenciosa e sedutora, coa que deixa que se manifesten os seus máis escuros instintos. Nemo, ou Tritón, tamén coñecerá a Domingos, un veterano pescador que garda na memoria todas as historias do océano. Novela poética e moi persoal dunha das grandes escritoras do noso tempo.

Aíra Rústica
13 x 21 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-128581-0-5
15,20 €



Primitivo Carbajo A marcha da paz secuestrada

"O inferno abría portas en América Central e as lapas abrollaban acotío, sen desmaio, nas páxinas da prensa internacional e local, nos informativos de todas as emisoras de radio e televisión. A iniciativa da Marcha Internacional pola Paz en Centroamérica partira dun grupo de pacifistas noruegueses na primavera de 1984, e a convocatoria cubriu etapas de difusión con rapidez, aínda que daquela non había Internet nin móbiles." En palabras do autor, este libro reivindica e quere ser parte do antigo grito pola paz contra o pregón actual da guerra, esa antigalla.


Morgante Rústica
13,5 x 21,5 cm 284 páxinas
ISBN: 978-84-19040-20-6
20,90 €



José Ricardo Losada Un inferno frío

Don Faustino, un crego alternativo e humanista, morre en estrañas circunstancias na parroquia conservadora da Balvanera nun contexto de forte represión política nunha ditadura militar. A comunidade galega en Bos Aires, tanto a emigrante como a exiliada, queda conmocionada. Sobre todo cando despois das primeiras dúbidas sobre se foi un accidente ou un suicidio, comeza a impoñerse a evidencia de que foi asasinado polas súas ideas políticas. *Un inferno frío* é o lugar onde viven todos aqueles que, contra o criterio maioritario, buscan con paixón e decencia a verdade.


Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 126 páxinas
ISBN: 978-84-128122-9-9
14 €



María Alonso Seisdedos As Jermaine

O clic dunha cámara fotográfica en 1949 pon en marcha a engrenaxe cega de sucesos que van operando ao longo dos anos e que culminan, talvez, en 2004 alén do Atlántico, nun balbordo que cómpre acalar e nun estrépito involuntario. A illa de Aruba, Rotterdam e Galicia son os escenarios sobre os que van pairando toeiros de misterios en que se contén o verde dun mar avolto herdado e que cando rebotan só dispersan tebras e máis tebras.


Galaxia Rústica
15 x 23 cm 164 páxinas
ISBN: 978-84-1176-198-7
16,72 €



Rubén Martínez Alonso Moscas

Do que tratan estes capítulos é da natureza humana, tan contradictoria e incoherente, tan visceral e patética, como redentora e xenuína. E o autor lanza un consello: non hai que tomar por serio e inmutable aquilo que naceu para morrer, pois só na morte atopa sentido a efémera e fráxil vida dunha mosca.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 162 páxinas
ISBN: 978-84-128122-7-5
15 €



Calros Solla Soidades do alfabeto Criptoetnografía

"Unha noite, a altas horas, espertei por causa dunha dor aguda no peito. Azorado, receando unha perturbación cardíaca, incorporeime e acendín a lámpada da mesiña. Fixando a vista na face enmedoñada que se reflectía no espello, gurrei por compasar a respiración, que se desmandara, mais foi en van. Invadíume entón o degoxo de botar man do lapis e o papel e trousar de vez o bolo que xa atinxira inminente a cavidade bucal. Botei fóra o petote e sentín alivio. E tras dun, veu outro". Texto do autor.


Morgante Rústica
14,8 x 21 cm 180 páxinas
ISBN: 978-84-19040-21-3
19 €



Serafín Parcero As tres vidas e as catro mortes de Roberto Seoane

Unhas dramáticas circunstancias vitais, que poucos serían quen de aturar, levaron a Roberto a escoller unha vida –unhas vidas– que non desexaba nin o satisficían. Na viaxe cara ao seu tráxico destino converterase en protagonista e testemuña dos profundos cambios, non sempre positivos, que terán lugar na paisaxe e a sociedade galegas na segunda metade do século XX.

Medulla Rústica
15 x 23 cm 626 páxinas
ISBN: 978-84-10324-01-5
20,80 €




Xulio Teixeira Rodríguez
As vidas do río

Unha cidade con vida. Un río de morte que a rompe. O cadáver dunha muller. A partir de aí a escuridade e o fanatismo anuncian días de horror. Polo medio, intriga, tensión policial e humor. Un reloxo en marcha, a ignorancia do que acontece e as pantomas do pasado. Nas misteriosas e revoltas augas da cidade de Pontevedra, o comisario Serafín Freixeiro deberá resolver unha serie de crimes onde os intereses políticos, económicos e relixiosos chocan cunha realidade sorprendente de Semana Santa. Novela de suspense coa forza de atracción dunha cidade viva e máxica, onde uns acontecementos trágicos tecen un relato vertixinoso no que as pezas encaixan con precisión ata chegar a un insólito final.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 270 páxinas

ISBN: 978-84-1176-192-5

19,47 €



José Estévez López
Minia, amor doe

"Por fin cortei as cadeas, por fin escapei do xugo dun matrimonio que acababa coa miña saúde física e mental. De verdade, facédeme caso, nunca é tarde para tomar unha decisión deste tipo e facer as reparacións e reformas necesarias. O peor dos malos tratos é normalizalos, convertelos en habitables, ver esa relación tóxica como unha relación natural, coa que hai que lidar a diario e punto. O feito de non se recoñecer coma unha vítima". Texto da editora.

Toxosoutos Rústica 13 x 20 cm 250 páxinas

ISBN: 978-84-128497-4-5

17,10 €




Llerena Perozo Porteiro
Os anos tranquilos

Cando María García nace, a comezos do século XX nunha aldea asturiana, as súas cartas semellan estar botadas. Todo parece indicar que o destino dela será medrar, vivir e morrer onde naceu. Mais aquela rapaza descubrirá axiña que ademais de coas mans conta cun comodín extraordinario que lle vai permitir percorrer medio mundo: a súa mente prodixiosa.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 400 páxinas

ISBN: 978-84-1110-558-3

18,52 €




Eirín Faraldo
Miño

Desde o seu refuxio no Pireneo, as tres xeracións dos Roma viaxarán ata aquel lugar onde preguntas que nunca se xeran, comezarán a ter respostas tan inesperadas coma relevantes. A arcaica forza do lugar levaraos a desenterrar vellos diñeos e movidos por cadansúa axenda secreta enfrontaranse á violencia, ao rancor, á maldade e á tolemia que desgarrarán tanto as súas vidas coma as antigas lendas que as rexen. O descubrir da aventura enchóupase nun pasado franquista e de guerra civil, de lendas e de crenzas, de violencia e de medo.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 680 páxinas

ISBN: 978-84-125915-8-3

20,90 €




José Lorenzo Tomé
Dar pé na Reboira

A recuperación ensoñada do pasado a través dos xogos infantís e do recordo; a ascese necesaria para a introspección e a procura do coñecemento; a amizade, o amor, a sublimación estética e a salvación pola arte, son algunhas das claves que están detrás deste sucesivo texto de José Lorenzo Tomé. A conclusión final podería formularse cunha frase da propia novela cando o autor suxire que "a memoria da infancia ilumina o mundo danado dos adultos".

Medulia Rústica
14 x 21 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-19438-95-9

14,90 €



VV AA
Historias de Barbantia

Proxecto coral que constitúe unha mostra máis da "intelixencia natural" da Asociación Cultural Barbantia. Dezasete plumas, dezasete estilos, temas e tramas, unidos tan só pola sinerxia da creatividade. Textos de Agustín Agra, Alberte Pagán, Antón Riveiro Coello, Antonio Piñeiro, Fidel Vidal, Francisco A. Vidal Blanco, José Carou, María Xesús Blanco, Marina Losada Vicente, Mariña Pérez Rei, Natalia Carou, Óscar Reboiras Louredo, Patricia Torrado Queiruga, Uxía Casal, Xerais Agrafoxo, Xosé Manuel Lobato e Xosé Ricardo Losada.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 204 páxinas

ISBN: 978-84-1176-206-9

16,63 €




Álex Mene
O amante expresionista

Narra a biografía dun home que percorre diferentes cidades e países na procura da súa identidade até que a atopa en Galicia. Unha viaxe iniciática que o levará por Vigo, Barcelona, Madrid, Valencia, A China, O Xapón, Suíza e O Canadá. O libro constitúe unha reflexión sobre a paternidade desde dous puntos de vista: a do pai e a do fillo. É tamén unha homenaxe á historia do cine. Un relato que trata da maxia das imaxes, do fado, dos lazos de sangue e dos emocionais, das linguas, de amar e daquilo que se perde consonte transcorre a vida.

Galaxia Rústica
15 x 23 cm 196 páxinas

ISBN: 978-84-1176-208-3

16,63 €



John Cheever


O nadador

Personaxes adúlteros, nómades, homes e mulleres insatisfeitos que desexan evadirse e buscan a súa identidade aquí e acolá, que mudan de vida nun instante... Este é o quinto dos seis volumes de contos que publicou John Cheever, e o mellor de todos eles, segundo a crítica. Nel, o autor oscila entre a crúa realidade cotiá e a anécdota delirante, e invita á reflexión sen perder de vista o seu humor acedo. En tradución de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica 13,5 x 21,5 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-19795-15-1

20,90 €



Alfred de Musset

Margot

A señora Doradour é unha anciá da alta burguesía que sente o peso da soidade e as intrigas do mundo, logo de se ver traizoada por quen consideraba unha doncela fiucega. Cando máis enferma se atopa, recibe unha nota da súa afillada, a benxamina do matrimonio de labregos que traballa as súas terras, e acorda que a acollerá en París como dama de compañía. Así, Margot, de tan só quince anos, axiña se acostuma á nova vida de luxo no barrio parisiense de Le Marais. Coa chegada do único fillo da súa ama, a inocente rapariga coñece o amor e as ilusións, malia que a fantasía non tarda en romper por mor das diferenzas sociais e o desprezo do mozo. En tradución do francés de Xavier Senín.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 76 páxinas

ISBN: 978-84-128075-1-6

13,50 €



Francisco Narla

Onde ouvean os montes

Esta é a historia dun amor e dunha vinganza. Sobre o poder e o imposible. Unha historia sobre a fin da República de Roma dende un orixinal punto de vista. Francisco Narla amosa a súa capacidade narrativa nunha novela de aventuras onde a pulsión da natureza se enfronta á ruindade humana.

Aira Rústica 16 x 22 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-127695-8-6

18,95 €



Marta Estévez


O segredo das irmás Asorey

A proclamación da II República, o 14 de abril do 1931, coincide coa morte do prestixioso doutor Asorey en Compostela e co asasinato da lavadeira que se ocupaba de facer a bogada na casa del. A incerteza do tempo histórico e o medo das súas catro fillas, que vivían con el, vainas obrigar a tomar unha decisión que condicionará as súas vidas para sempre. Este libro inaugura a Colección Emilia da editorial Aira que publica obras ambientadas en Galicia de autoras galegas de expresión castelá traducidas ao galego.

Aira Rústica
16 x 22 cm 372 páxinas

ISBN: 978-84-127695-5-5

20,80 €



Kate Chopin


O despertar

Edna Pontellier vive un matrimonio cómodo, mais anódino, en Nova Orleáns, no século XIX. Aínda que se leva ben co marido, a presenza dun atractivo amigo da familia e a calor do verán á beira do golfo de México van transformar o seu xeito de ver a vida. O título refírese a ese momento no que unha muller entende que é o importante da vida, aquilo que a eleva sobre os demais, e decide experimentalo aínda que iso poña en risco todo o que lle parecera permanente. Escrita no 1899 chega ao galego en tradución de Iria Taibo.

Aira Rústica
13 x 21 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-127368-0-9

17,10 €



Aki Shimazaki


Maimai

Quinto título da pentaloxia de Hōzuki. A repentina morte de Mitsuko colle a todo o mundo por sorpresa, incluídos os clientes da súa librería. A xente que vén darlle o pésame ao seu fillo Tarō esperta nel un novo interese polos detalles da súa historia familiar e os segredos que a súa nai levou á tumba. Ao mesmo tempo, reencontrase cun antigo amor e decide casar, pese a quen pese. Aki Shimazaki (Xapón, 1954) vive no Canadá, onde dá clases de xaponés e escribe narrativa en francés, sempre con título nipón. Tradución do francés de Sergio Gómez Blanco.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 142 páxinas

ISBN: 978-84-19795-14-4

16,15 €



Louise Colet


El

Rescatar *El*, de Louise Colet, supón sacar do esquecemento unha escritora prolífica reducida ao papel de musa e vítima da misoxinia da época. Publicada en 1859, a obra contou cun grande éxito, por vir asinada pola amante de Flaubert. A marquesa Stéphanie de Rostan, dous anos despois da morte do famoso poeta Albert de Lincel, rememora o tempo que compartiu con el. Colet combina a narración da marquesa co relato inserido na voz do poeta, o cal lle serve para analizar a psicoloxía de homes e mulleres, e concluir a incompatibilidade que resulta das súas diferenzas intelectuais e sensuais. Traducido do francés por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 328 páxinas

ISBN: 978-84-128075-0-9

16,62 €




Marta Orriols

A posibilidade de chamarlle casa

Unha veterana correspondente de televisión no Líbano decide volver á casa, en Catalunya, logo dunha crise persoal. No ámbito familiar espéran a unha nai distante, unha irmá perfeccionista e un pai que empeza a sufrir os danos da demencia. A nostalgia por dous amores que a rodean tampouco axudarán a empezar de cero. Marta Orriols bota unha ollada ao mundo actual precisa e cálida. En tradución de Isaac Xubín.

Aira Rústica 13 x 21 cm 272 páxinas
ISBN: 978-84-127695-9-3
18,95 €




Jane Austen

Lady Susan

Tras o pasamento de Frederic Vernon, lady Susan, a súa viúva, unha muller distinguida e fermosa mais tamén egoísta e intrigante, encomeza a artimañar á busca dun novo marido, quer para ela, quer para a súa filla de dezaseis anos, Frederica. Jane Austen subverte nesta enxeñosa e retranqueira obra de xuventude os códigos da novela romántica, cunha protagonista manipuladora e capaz de subxugar a quen se lle poña por diante para acadar un status vantaxoso. *Lady Susan* publicouse en 1871, medio século longo despois de morrer Jane Austen e por decisión dun sobriño; con todo, é probable que a súa escrita date de finais do século XVIII. Por estilo e contido, anticipa os trazos que farían célebre a brillante autora inglesa. En tradución do inglés de Alejandro Tobar.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-128075-2-3
15 €



José Ovejero

Tres contos para nenas malas

Este libro recolle tres contos que lle dan a volta por completo ao sentido da tradición. As nenas protagonistas demostran grande enxeño e valentía para esquivar os problemas que lles pon diante a vida. O texto de José Ovejero e as ilustracións de Miguel Robledo conducen a un universo cheo de humor e crítica social arredor de temas como o patriarado, a monarquía ou o capitalismo. Traducido por Mariña González.

Aira Cartonado 17 x 24 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-127695-6-2
18,95 €




Sonsoles Ónega

As fillas da criada

Febreiro do ano 1900. No pazo do Espírito Santo, en Punta do Bico, á beira do Atlántico e á vista das illas Cíes, nacen ao mesmo tempo dúas nenas: Catalina e Clara, fillas de dona Inés, a señora, e de Renata, a criada, respectivamente. Os pecados dos pais marcarán as súas vidas, testemuñas do convulso século. Unha saga familiar sobre a rebeldía das mulleres contra o seu destino que tamén é un fresco sobre a Galicia que mirou para o mar na busca de sustento e progreso.

Aira Rústica
16 x 22 cm 424 páxinas
ISBN: 978-84-128581-3-6
21,75 €



Selma Lagerlöf

O emperador de Portugalia

O vello Jan nunca pensou en ter unha filla e a noticia incomodouno. Mais a primeira vez que colle no colo a meniña vaille cambiar a vida. Tan pobre como é, o amor da súa filla parécelle un tesouro. Cando ela teña que marchar para gañar diñeiro co que evitar o desafuzamento dos pais, Jan creará unha fantasía para fuxir da dura realidade da separación e dos rumores na aldea. Unha obra mestra da literatura universal sobre as desigualdades sociais e a fortaleza do espírito humano para soportar as feridas da vida. En tradución de David D. Álvarez Martínez.

Aira Rústica
13 x 21 cm 280 páxinas
ISBN: 978-84-127368-1-6
18,95 €




María Oruña

Os inocentes

A tenente Valentina Redondo está a piques de casar co seu grande amor, o tenro e divertido Oliver Gordon. Mais en troques de preparar o casamento, a oficial máis afouta da Policía Xudicial terá que enfrontarse ao caso máis estraño da súa carreira. Varias persoas morren, aparentemente envelenadas, durante un encontro de lecer de varios empresarios no balneario de Puente Viesgo. Obra da serie de 'Puerto escondido' onde María Oruña amosa os seus dotes para o suspense e a narrativa de acción. A tradución é de César Lorenzo.

Aira Rústica
16 x 22 cm 360 páxinas
ISBN: 978-84-127368-6-1
20,80 €



Miquel Martín i Serra

O atallo

O narrador e protagonista desta novela conta o seu paso da infancia á adolescencia con tal naturalidade. É fillo dos criados dos donos dun chalé no Empordà (Catalunya) e para ir á escola en bicicleta usa un atallo á beira dun estanque de parrulos e un carballo vello e grande. Mais todo está a piques de mudar, non só a súa voz e o seu corpo, tamén a paisaxe na que se criou, transformada pola especulación inmobiliaria. *O atallo* conseguiu un grande éxito de crítica e público e varios recoñecementos como o Premio María Àngels Anglada e o Premio Setè Cel. Foi finalista do Premio Òmnium á mellor novela do ano 2020. Traducido por Isaac Xubín.


Aira Rústica
13 x 21 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-127695-7-9
17,10 €



2↑



3↑



3↑

Frédéric Stehr

A hora da sesta

É a hora da sesta na escola infantil e Leo parece non ter sono. Para entreterse, decide facer unha cabana e esperar o seu amigo Oli para amosarlle. Pouco a pouco, os demais compañeiros irán sumándose para construír unha na que caiban todos. Un novo título de Frédéric Stehr na colección Acartonados. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 20 x 20 cm 24 páxinas

Con esquinas redondeadas

ISBN: 978-84-1343-269-4

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Eric Carle

Un grilo moi silencioso

Por moito que refregaba as súas ás, o pequeno grilo non era quen de cantar e ninguén podía escoitar o seu son. Ata que, unha noite, atopou unha grila. Un libro acartonado ideal para coñecer os insectos, cun son sorpresa final. A tradución é de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 17,8 x 12,8 cm 26 páxinas

ISBN: 978-84-1343-271-7

14 €

María Girón


Cinco ratiños

Un álbum actual co sabor dos contos tradicionais. É hora de merendar e cinco ratiños saen xuntos á busca de algo que levar á boca. Un a un van quedando polo camiño, só Félix continúa ata que, de súpeto, todo comeza a dar voltas. As ilustracións cálidas e cheas de detalles amosan dende os segredos da tobeira dos ratos aos diferentes lugares da casa polos que pasan os seus protagonistas, lugares repletos de obxectos da vida cotiá que os nenos e nenas recoñecerán. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-293-9

14 €



5↑



5↑

César Cequeliños e Jorge Campos

As letras da Galicia pequena

Letras, palabras, frases, historias para coñecer o galego do xeito máis divertido.

Aira Cartonado
17 x 24 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-128581-5-0

18,95 €

Chema Mesías, Ilduara Penas e David Catá


Noites confinadas

Álbum que mestura fotografía, pintura e poesía. É un canto á natureza, un recordatorio do valioso que é o planeta, da súa enorme fragilidade, pero tamén da súa formidable forza e capacidade de rexeneración. É un chamamento á responsabilidade e á conciencia colectiva e individual da cidadanía en relación ao medioambiente; unha invitación á reflexión crítica sobre a sociedade actual e o seu enorme poder destrutivo. É unha apelación a que un mundo máis sostible é posible.

Hércules Cartonado
24 x 17 cm 44 páxinas

ISBN: 978-84-19754-13-4

18,05 €



3↑

Leo Lionni


Un peixe é un peixe

Non estanque, preto do bosque, vivían dous amigos inseparables: un peixiño e un cágado. O peixiño non cría que o cágado se convertese en ra, así que discutiron ata que o cágado decidiu marchar a explorar o mundo. Ao seu regreso, tras contarlle ao seu amigo as cousas tan extraordinarias que vira máis alá do estanque, o peixiño tamén decidiu seguir os seus pasos. Pero pronto descobre que vivir na terra non é como imaxinaba. A tradución é de Xosé Manuel González.

Kalandraka Cartonado
22 x 27,5 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-283-0

15,20 €



4↑

Paula Merlán

Uxía e o mar

Uxía tiña un soño grande, moi grande. Xigante! Quería ver o mar. Este conto de Paula Merlán ilustrado por Tertes é unha emocionante viaxe ata o mar. Unha valiosa aprendizaxe para a vida.

Xerais Cartonado
19,50 x 26,60 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-552-1

15,50 €

Serie Curriño de Leticia Costas



Curriño O can influencer

Curriño é o can máis famoso de Internet! Vive a corpo de rei, faltaría máis! Dorme na cama da súa humana, aliméntano con penso de importación e acícalano tres veces por semana. O que merece unha estrela coma el, vaia. Por desgraza, está a piques de descubrir que a vida fóra da súa mansión con sete cuartos de baño, jacuzzi e vistas ao mar é moito máis dura do que el cheiraba. Ilustrado por Mili Koey.

Xerais Rústica
14,5 x 20 cm 90 páxinas
ISBN: 978-84-1110-534-7

10,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €


Curriño Benvido ao equipo

Curriño leva días con cara de can, no peor sentido: botárono da súa mansión, tivo que rebuscar no lixo e segue sen recuperar a súa preciosísima melenla. E esa carracha tan pesada continúa suxeita ao seu pescozo. Ademais, as rúas están cheas de perigos. Por exemplo, King Kong, o terrible can dos ladrillos potentísimos que monta garda fronte ao supermercado, e ao que non lle fai ningunha graza que Curriño poña unha pata no seu territorio. Ilustrado por Mili Koey.

Xerais Rústica
14,5 x 20 cm 74 páxinas
ISBN: 978-84-1110-535-4

10,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Paco Nogueiras Son animal

Un novo libro-disco de Paco Nogueiras dedicado aos animais máis próximos e aos seus sons convertidos en divertidísimas cancións para cantar e bailar a calquera idade. O bruar da vaca, o mañar do gato, o ladrar do can, o cacaxar da galiña, o zunir do mosquito. Ecos do mundo animal que inspiran os doce temas deste traballo que percorre diferentes estilos musicais: dende un aire portugués aos ritmos do leste de Europa, dende unha balada acústica a un animado rock and roll, dende unha fanfarra circense até unha melodía de influencias andinas. As coloridas ilustracións de Marc Taeger permiten imaxinar esa granxa divertida e as páxinas finais do libro achegarán a lectores e lectoras adiviñas, refráns e ditos da nosa tradición oral que falan dos protagonistas deste *Son Animal*.

Kalandraka Cartonado 16 x 16 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-1343-205-2

19 €




Celia Núñez Díaz O extraordinario caso do tellado do Xildro

Construír un tellado é como tecer un pano no tear, ou como armar un cesto de costrelas para apanar castañas, ou un barrelo de táboas para durmir un meniño. Non é, desde logo, tarefa doada, e moito menos se o vento anda con ganas de troula e interfere no traballo. As ilustracións son de Susana Díaz Cabot.

Medulia Cartonado
17 x 25 cm 42 páxinas
ISBN: 978-84-19438-94-2

18,90 €



Miguel Alonso Diz Axencia Galega de Asuntos Máxicos

A vida pode cambiar nun só día. Iso é o que lle pasou a Gabriel e iso é o que lle pode pasar a quen se atreva a camiñar polas páxinas deste libro. Só hai que entrar no Anel Secreto e acompañar a Gabriel e á súa veciña Lucía a coñecer un mundo habitado por personaxes da mitoloxía galega que está máis preto do que se pode imaxinar. As ilustracións son de Víctor Rivas.

Xerais Rústica
13,50 x 19 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-549-1

12,95 €



Barbara Cantini Bufiño & Brunilda Un chisco de maxia

Bufiño é un gato da rúa case todo negro, que busca alguén con quen estar. Brunilda, unha nena cunhas mestas guedellas roxas que vive nunha casa extravagante con mil cuartos. Durante o día axuda nunha floraría, e de noite transfórtese nunha aspirante a bruxa. Para facer o seu primeiro voo e converterse nunha bruxa como é debido só lle falta un gato negro! Aínda que Bufiño ten a punta do rabo branca, Brunilda sabe que era a el a quen estaba esperando. En tradución de Marta Gómez Pato e Manuel González.

Hércules Cartonado
14 x 21 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-19754-37-0

12,90 €



Sabela Fernández Trelles A miña avoa, a miña heroína

Laura sempre foi unha nena alegre e valente, pero ultimamente séntese triste sen motivo e comeza a dudar de todo, ata dela mesma. Menos mal que conta coa complicidade da avoa Carmela, con quen vai realizar unha viaxe ao pasado para entender por que se sente así e decatarse de que pertence a unha saga de mulleres loitadoras.

Xerais Rústica
13,50 x 19 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1110-550-7

12,95 €



Marta Villar Os peidos máxicos de Sultán

Sil leva unha tempada algo triste porque aínda non se adaptou ao cambio de cidade e estalle a custar facer novas amizades. Un día aparece diante da súa casa un can xigantesco, ao que lle pon de nome Sultán, e todo cambia por completo. Sil descobre que Sultán ten poderes máxicos, aínda que algo fedorentos e de consecuencias pouco deseñables. Unha disparatada aventura chea de humor escatolóxico e amor polos animais.

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-1110-536-1

13,50 €



11↑

Alberto Hontoria e Nuria Díaz Os imitadores

Conto protagonizado por sombras. Invertendo a relación entre as sombras e os corpos que as proxectan, a obra presenta un universo no que as primeiras son os seres autónomos e pensantes, mentres que as persoas non son máis que os seus reflexos. Tanto é así que as sombras chaman aos humanos "imitadores", pois, dende o seu punto de vista son criaturas que están sempre o seu lado copiando cada cousa que fan. O intercambio de papeis e de perspectivas entre humanos e sombras permite reflexionar sobre cuestións complexas como a identidade, a autonomía vs. independencia, orixinalidade, o mito da caverna de Platón, ying e yang e control político a través do medo. Traducido por Rosario Baleirón Sónora.

Hércules Cartonado 14 x 21 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-19754-36-3

En castelán:

Los imitadores

ISBN: 978-84-19754-35-6

14 €



12↑

Suso de Toro O segredo de Joseph Haydn

Suso de Toro relata un episodio descoñecido até o momento da biografía de Joseph Haydn: un desvío da ruta que o levaba a Londres e que lle permitiu coñecer o reino galego. Haydn descobre a gastronomía, a lingua, a música que se tocaba naquel momento en Compostela, e tamén deixa a súa influencia nos músicos do momento. Un acontecemento que imprimiu unha pegada sentimental na memoria do gran compositor. Todo o que relata o autor conta con documentación da época, excepto a propia visita do músico, da cal non hai constancia certa. Contén un CD cos cuartetos de Joseph Haydn e as Danzas de Reis de Gulans, en interpretación de Fisión Atlántica Ensemble, baixo a dirección de Luis Soto. Ilustrado por Xosé Cobas.

Xerais Rústica 14 x 21,5 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-530-9

13,50 €

PREMIO O FACHO
DE TEATRO
INFANTIL 2022

Carlos Labraña Ícaras


Lía garda un segredo, a súa nai foxolle unhas ás con plumas de cores, pero non lle ensinou a voar. Ana, unha estudante universitaria que traballa na hamburguesaría do barrio, nin sequera ten ás. Nun anoitecer, vanse cruzar os seus camiños e descubrirán que hai máis cousas que as achegan, que aquelas que as separan. Ilustrado por Mara Méndez García.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-1176-195-6

11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



9↑

Estefanía Padullés O reino de Libeliño

Libro cheo de personaxes lendarios como dragóns, princesas, bestas fantásticas, sabios e cabaleiros que se enfrontan a moitas aventuras por montes misteriosos. Pero é tamén a historia do reino de Libeliño, un lugar máxico e moi divertido con lembranzas dos contos tradicionais para ir durmir. En tradución de Rosario Baleirón Sónora.

Hércules Cartonado 14 x 21 cm 88 páxinas


ISBN: 978-84-19754-40-0

En castelán:

El reino de Libelín

ISBN: 978-84-19754-39-4

15 €



9↑


Florence Hinckel Ó revés

No mundo de Lea e Tom, as rúas e os colexios teñen nomes de mulleres famosas, e os homes son os que se encargan das fillas e dos fillos. Tal e como sucede en todas as escolas, ensínase que o feminino prevalece sobre o masculino, "porque se considera máis nobre có masculino, debido á superioridade da femia sobre o macho". É así dende tempos inmemoriais e ninguén semella querer cuestionar esta norma establecida. Porén, Lea e Tom danse conta de que algo non vai ben... Polo que comezan a reflexionar sobre os estereotipos deste mundo onde reina a dominación feminina. Traducido por Tais Rego.

Sushi Rústica 13,5 x 20 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-16884-85-8

14 €



9↑

David Walliams O neno ultramillonario

Joe Spud non necesitaba imaxinar como sería posuír diñeiro a carradas, a dar co pé, montes e moreas de diñeiro. Só tiña doce anos, pero estaba o que se di total e absolutamente podre de cartos. Podía mercar calquera cousa que se lle antollase: un bólido de Fórmula 1, unha montaña rusa para el só, todos os xogos de ordenador do mundo... Todo, agás algo que o diñeiro nunca poderá comprar: un amigo. En tradución de Eva Almazán. Con ilustracións de Tony Ross.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 244 páxinas

ISBN: 978-84-16884-82-7

16,15 €



10↑


Paul Berna O cabalo sen cabeza

Unha cuadrilla de nenos das aforas de París divírtese cun vello cabalo con rodas ao que lle falta a cabeza e co que se lanzan rúa abaixo a toda velocidade. Cando uns tipos sospeitosos lle ofrecen unha gran cantidade de diñeiro a cambio do seu vello xoguete, eles néganse a vendelo, e pouco despois o cabalo desaparece. Comezan entón unha investigación para recuperalo, e sacarán á luz un asunto moito máis goso do que eles imaxinaban. Traducido por Moisés Barcia.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 158 páxinas

ISBN: 978-84-16884-83-4

15,20 €



Eleanor Hodgson Porter
Pollyanna

Pollyanna é unha nena orfa que da noite para a mañá debe mudar por completo de vida. A súa tía Polly é calada e moi seria, e irritase co bo humor, a fantasía e o "xogo" da súa sobriña que consiste en verlle o lado bo a todas as cousas, incluso a aquelas que parecen negativas de todo. Un clásico da literatura infanto xuvenil cheo de tenrura e imaxinación. A tradición é de Isaac Xubin.


Aira Rústica
13 x 21 cm 256 páxinas
ISBN: 978-84-126649-9-7
17,10 €



Marco Polo
O Libro das Marabillas

Obra que transporta a un mundo real que parece mítico, a un continente cheo de contrastes, riquísimo en diversidade cultural, natural e xeográfica, berce de civilizacións onde a destrución e o luxo máis refinado conviven. *O Libro das Marabillas* é un manual para mercadores, escrito con sinxeleza e rigor, que chega ao galego en tradución de Maite Jiménez Pérez.

Aira Rústica
13 x 21 cm 304 páxinas
ISBN: 978-84-127368-3-0
18,95 €



Raquel Fernández Fernández
Contas de buxo

Lara é unha adolescente que saca boas notas e que nunca dá problemas, pero iso muda cando abandona Gondomar e sobe a un autobús sen lle dicir a ninguén a onde vai. Leva a bordo un desgano amoroso, os silencios da súa familia e un león que, sen descanso, a persegue nos seus pesadelos. Sen saber moi ben como, remata en Ribadeo, unha vila unida estreitamente a aquel último verán que compartiu coa súa nai antes de que esta a abandonase. Coa axuda do seu curmán, dende alí irá debullando un pasado descoñecido e arrepiante para ela.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 142 páxinas
ISBN: 978-84-1176-193-2
14,70 €



Anjel Lertxundi
O outeiro do amieiro

O protagonista desta novela quere coñecer o mundo, viaxar dun lado cara a outro, gozar das paisaxes e cidades máis fermosas. O novido é que se trata dun amieiro, unha árbore que sempre quixo deixar o lugar onde naceu e a natureza ofreceulle unha apaixonante aventura. Cada páxina é unha porta, e a chave para abri-la todas é a lectura. Tradución de María Ramos Salgado.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 178 páxinas
ISBN: 978-84-1176-197-0
14,70 €



Laura Gonzalvo
A lista das cousas imposibles

A lista das cousas imposibles é a historia de Clara e de Guim. Un relato de soños e realidades, de anhelos e de cicatrices. Unha historia de amor e de vida. Di Clara que cando Guim a deixou, só pouco antes do seu aniversario dos dezaioito anos, fixoo porque tiña ganas de "facer cousas". De vivir a vida. Que non sabía que só seis meses despois un accidente de moto o ía deixar en cadeira de rodas e que sería ela quen viviría a vida que el imaxinara. Di que a de Guim terminou sendo unha vida totalmente distinta na que o que desexaba eran cousas que non podería volver facer ou ter nunca. Unha novela aditiva, sinxela, pero profunda ao mesmo tempo. En tradución de María Alonso Seisdedos.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 146 páxinas
ISBN: 978-84-1176-182-6
16,53 €



Gloria A. Calvo, Camila Lynn e Agostina Mileo
Puberdade en marcha

Unha guía esencial para mozas e mozos que comezan a etapa da puberdade escrita con claridade e rigor por tres profesionais novas comprometidas coa educación sexual integral, cun estilo fresco e amigable para axudarles a entender o que lles está a pasar. Aborda temas como a menstruación, a masturbación, a reprodución, a toma de decisións, as relacións interpersoais, os ideais de beleza e a seguranza en Internet. As ilustracións de Martina Trach son un exemplo de como a arte pode empregarse para promover a educación e a aceptación. Ao mostrar sen filtro as partes íntimas do corpo e as diversas opcións de produtos de xestión menstrual, desmitifica estes temas e normalízalos. A tradución é de Iago Nicolás.


Kalandraka Rústica
15 x 21 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-1343-304-2
16,15 €



Adrián Gómez Ramos
Aqueles corpos nosos

Todos os actos teñen consecuencias. Fernán e Xandre Malvís buscan recuperar a normalidade nas súas vidas e sandar as cicatrices inflixidas polo encontro cos irmáns Garrido. A cidade, pola contra, non esquecerá con tanta facilidade o conflito entre as dúas familias, e as fauces de Compostela escolleron unha nova vítima. Os Malvís terán que facer uso de todo o seu coñecemento do mundo sobrenatural para resolver a desaparición de Sandra Valverde antes de que o seu corpo se engada á lista de necrolóxicas. Polo camiño farán fronte a unha pregunta que o cambiará todo: ata onde están dispostos a chegar para protexer o que queren? Logo do éxito de *Cando sangren os lobos* (I Premio Xuventude Crea de Novela Curta), Adrián Gómez Ramos regresa á escrita con *Aqueles corpos nosos*.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-1110-451-7
12,95 €



María Solar
Adeline

Adeline é unha homenaxe a Carmilla, a primeira vampiresa literaria, escrita vinte e cinco anos antes de Drácula. Laura vive desde nena agoniada por un estraño don que posúe: ve mortos. Durante anos leva unha vida solitaria no pazo familiar da contorna de Verín. Cando medra, a ansiada vida universitaria en Madrid tampouco é o que esperaba. No regreso estival ao pazo, Laura atopa unha misteriosa viaxeira. A muller é idéntica á que viu en soños moitos anos atrás. Aquela moza está alí para descubrirle que o Universo é moito máis inmenso do que percibimos e que os seres ocultos están e estiveron sempre entre nós. "Os non mortos non temos idade. Laura, só quero que saibas que estou en perigo". Finalista do XV Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil.


Xerais Rústica
13 x 21 cm 288 páxinas
ISBN: 978-84-1110-452-4
12,95 €

Luísa Villalta: Unha poeta do pensamento

A Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2024 a Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) coincidindo co vixésimo aniversario do seu pasamento. Creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega que emerxeron na segunda metade dos anos 80 e primeiros 90, Luísa Villalta foi unha intelectual comprometida coa vida. O cruzamento entre a poesía e a música é outro dos trazos definitorios dunha autora recoñecida sobre todo como poeta, pero que tamén cultivou con talento o teatro, a narrativa de ficción, o ensaio, o articulismo e a tradución. A súa obra está marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística, segundo destaca a Academia. Estamos ante unha poesía que lle esixe a cada poema algo máis alá do pensado.




Foto: Xosé Abad



Luísa Villalta Narrativa reunida 1991-2001

Narrativa reunida 1991-2001 recupera os tres títulos que Luísa Villalta deu ao prelo: *Silencio, ensaiamos* (1991) *Teoría de xogos* (1997) e *As chaves do tempo* (2001). Son unha mostra do seu compromiso coa escrita e a sociedade que lle tocou vivir, onde, como ela dixo, "as palabras son enerxía contra o tempo e o único depósito fiábel para a esperanza".


Galaxia Rústica
14,5 x 23 cm 298 páxinas
ISBN: 978-84-1176-183-3
20,80 €



Luísa Villalta Libro das columnas

Luísa Villalta mantivo unha colaboración periódica co semanario *A Nosa Terra*, recompilada pola editora do mesmo nome en 2005 no *Libro das columnas*. Para Luísa Villalta, como para Pessoa (di ela), as palabras son xente; xente destemida, é mais, pois témeselles cun "medo ancestral, un temor ao seu inveterado poder nominal, isto é, á súa capacidade de criar e transformar a realidade como tamén de nomear e definir a quen as utilizamos".


Galaxia Rústica
14,5 x 23 cm 298 páxinas
ISBN: 978-84-1176-211-3
15,20 €



Montse Dopico Abonda con vivir Luísa Villalta


Unha biografía feita con retallos da memoria que gardaron de Luísa Villalta persoas que formaron parte da súa rede afectiva. Unha análise literaria, sociolóxica e histórica que percorre todas as mulleres que foi Villalta. Un diálogo, con forma de reportaxe, coas súas amizades para tentar explicar quen era Luísa e por que escribiu o que escribiu.

Xerais Rústica
13 x 20 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-1110-482-1
12,95 €



Esperanza L. Mariño Davila As escumas da letra

Baía Rústica
15 x 22 cm 164 páxinas
ISBN: 978-84-9995-443-1
19 €



Luísa Villalta As palabras ingravidas

Xunta Rústica
12 x 17 cm (con estoxo cartonado)
ISBN: 978-84-453-5365-3
24,38 €




Luísa Villalta Pensar é escuro Poesía reunida (1991-2004)

Galaxia Rústica
16 x 22 cm 362 páxinas
ISBN: 978-84-9151-996-6
19,95 €



Luísa Villalta O outro lado da música, a poesía

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-9151-750-4
20,90 €




Beatriz Maceda e Eli Ríos Luísa Villalta, alma de violino

Xerais Cartonado
19,5 x 26,6 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-1110-447-0
15,50€



María Canosa Luísa Villalta, melodía de palabras

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-1110-442-5
12,95 €




Montse Pena Presas e Mercedes Queixas Zas (coords.)

Un ruído provocado(r)
Voces arredor de Luísa Villalta

Doce voces arredor de Luísa Villalta: Marta Dacosta, Francisco Fernández Naval, Alexandrina Fernández Otero, Carmen Fernández Pérez-Sanju-lián, Rosalía Fernández Rial, Maribel Longueira, Antía Otero, Roberto Pascual, Montse Pena Presas, Ana Pilla-do, Susana Sanchez Arins e Cesáreo Sánchez Iglesias.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 146 páxinas
ISBN: 978-84-8487-681-6
16,10 €



Eva Veiga e Pilar Pallarés

Así vou eu formando parte

Antoloxía que percorre a obra de Luísa Villalta é tamén un cofre que contén inesperados tesouros. Inclúe senllos textos das antólogas onde analizan os poemarios de Villalta e despregan nun marco teórico a súa pulsión creadora. Aparecen tamén pezas documentais de Luísa Villalta que axudan a comprender as raíces da súa obra. O título da antoloxía fai referencia a unha das frases da poeta coruñesa.

Chan da Pólvora Rústica
13,2 x 21 cm 226 páxinas
ISBN: 978-84-127711-2-1
17,10 €




Xurxo Souto
Somos un pobo de artistas

O método Luísa Villalta


O primeiro monumento da literatura galega son as cantigas medievas. Os *Cantares Gallegos* de Rosalía son o gran referente do Rexurdimento. Non obstante, a música sempre estivo ausente nas clases de literatura. Luísa Villalta publicou *O outro lado da música, a poesía*, libro-referente, onde puxo en valor a mutua atracción que senten entre si ambas as dúas artes.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 256 páxinas
ISBN: 978-84-1110-455-5
17,05 €

TEATRO



Paula Carballeira
Ubasute



"Ubasute" é o termo xaponés que significa "abandono dunha anciá" e que se refire ao presunto costume de deixar nunha montaña ou nun lugar afastado un parente vello ou enfermo. Hai linguas que só teñen unha palabra para o abandono, pero iso non quere dicir que non haxa diferentes maneiras de deixar para sempre algo, a alguén. "Pouco importa que intentes cambiar de espazo, que creas que indo ao Xapón conseguirás afastar a culpa", reflexiona a autora. "Non existe un lugar no mundo onde fuxir de ti, e mesmo as pantasma acoden cando as chamas, con poesía ou cos recordos. Ademais, no teatro, tamén as pantasma cobran vida diante dos nosos ollos".

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 78 páxinas
ISBN: 978-84-1176-194-9
12 €


Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Luísa Villalta
O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral

A peza *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* foi pouco ou case nada estudada ata o momento en que Luísa Villalta abordou a súa análise. Nacida baixo o signo da polémica, o autor confesa en diversos lugares que a obra é produto dos moitos anos que pasou a matinar na traxedia de Shakespeare intentando explicarse a si mesmo quen é Hamlet. Luísa Villalta procedeu a despegar brillantemente esa incógnita e moitas outras que envolven tan suxestivo tema co único propósito de explicar a xénese e elaboración da marabillosa solución que Cunqueiro soubo dar a esa pregunta. Este libro foi publicado en 1992.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-8487-667-0
13,95 €



Eduardo Pondal
Os Eoas


Os Eoas conforman o gran proxecto épico concibido por Eduardo Pondal. No eixe temático do texto están a figura de Cristovo Colón –a quen o autor bergantiñán, segundo as teses de García de la Riega e Constantino Horta, presenta como galego de nación– e mais a descuberta de América. Malia non seren sempre ben avaliados por determinada crítica, *Os Eoas* responden ao afán pondaliano por ser quen de demostrar as máis altas capacidades artísticas do idioma galego. Edición ao coidado de Xosé Ramón Pena.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 206 páxinas
ISBN: 978-84-1176-201-4
18,53 €



Manuel Álvarez Torneiro ás portas do quinto cabodano

Exposición
de colaxes
de Manuel
Álvarez Torneiro
na librería Biblos
durante o mes
de maio



Manuel Álvarez Torneiro A vixilia do bosque

Neste título inédito e de aparición póstuma, o autor fai simultáneos os anos dunha vida cos séculos todos do mundo, que bulen nas copas das árbores mentres as súas raíces descansan no infinito.

Faktoria K Rústica
14,5 x 21 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-19213-51-8
14 €

Don da mirada

Teresa Seara

Igual que aflora un río subterráneo, xestado na escuridade íntima da terra, queda agora ao descuberto, grazas á mostra "Don da mirada", unha nova dimensión da poliédrica personalidade creativa de Manuel Álvarez Torneiro. Recoñecido dende 1982 como un poeta maxistral – sendo tamén o primeiro en acadar o Premio Nacional de Poesía para as nosas letras –, foi ademais un gran artista plástico que, con revistas vellas, creaba magníficas colaxes e, por medio de pequenos puntos de cor, facía brotar flores, doces mazás, coloridas bolboretas, aves, paisaxes primaverais ou diminutas xoaniñas, elementos sobre os que aplicará sempre unha mirada donda e tenra. Nestas obras, ademais do seu exquisito gusto estético, demostraba Manuel posuír un talento innato –ese "don da mirada" que é privativo de escasas persoas– para captar a verdadeira alma das cousas. Mais, na súa proverbial humildade, mantivo adoito esta afección confinada no tempo do ocio e no terreo do íntimo sen atribuírlles máis valor ás colaxes e aos debuxos que o de seren sinxelas mostras de afecto destinadas ás persoas do seu entorno máis próximo. Así practicaba el a amizade: compartindo connosco a radical connoición da beleza.



Masha Álvarez Dakota

Masha Álvarez corta as fronteiras políticas e familiares que, como pastores eléctricos, convidan a non pasar. E ela pasa. Existe un fondo de electricidade, unha alma que se gaña a si mesma meténdose por onde os camiños abertos son case espellismos.

Galaxia Rústica
16 x 22 cm 68 páxinas
ISBN 978-84-1176-196-3
11,60 €


Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Gisele Mato Habitar as fendas

Unha reflexión sobre a vulnerabilidade propia á existencia humana. Gisele Mato tece un diálogo que nace do individual e se proxecta cara ao colectivo, dando voz ás despoñidas, ás que viven nas marxas e loitan por seguir camiñando na superación do abandono e dos múltiples desencontros.


Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-1110-561-3
12,95 €



María Carmen Caramés Gorgal Todo o que doe

"Levamos un tornasol de receo nos ollos e no corazón unha ferida aberta que non estíña nunca", explica a editora a propósito do poemario. "Quizais porque fomos nenez nun cuarto cego para os afectos diferentes, quizais porque fomos voz amordazada por unha culpa salvaxe que nos era impropia".

Xerais Rústica
14,50 x 22 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-1110-562-0
12,95 €



José Manuel Liste Poematizar

Poemario que emerge doutros versos escollidos de diferentes autoras e autores, dende a tradición lírica medieval ata hoxe, entre outros, Manuel Antonio, Olga Novo e Luz Campello, xunguidos todos eles "por elementos comúns que perduran e nos representan ao longo do tempo como sinal de identidade cultural".

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 66 páxinas
ISBN: 978-84-127489-8-7
12 €



Xurxo Alonso Cartas de Conxo O legado das Távora

As irmás Távora, envían cartas contando o que está a suceder nos primeiros días da Guerra Civil. Un destes escritos é interceptado pola Garda Civil e elas acaban ingresadas no Manicomio de Conxo. A partir de aquí Xurxo Alonso (Bos Aires, 1956) tece esta historia en verso.

Alvarellos Rústica
14 x 21 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-18567-57-5
15,67 €

25 de abril de 1974

A 25 de Abril de 1974, o Movimento das Forças Armadas, coroando a longa resistencia do povo portugués e interpretando os seus sentimentos profundos, derrubou o regime fascista. Libertar Portugal da ditadura, da opresión e do colonialismo representou uma transformación revolucionaria e o inicio de uma viragem histórica da sociedade portuguesa.

(Preámbulo da Constitución da República Portuguesa)

TÍTULOS ANTERIORES

Rigorosamente humano

Factoría K Rústica
14,5 x 21 cm 140 páxinas
ISBN: 978-84-15250-89-0
13 €

Os ángulos da brasa

Factoría K Rústica
14,5 x 21 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-15250-36-4
13 €

Onde nunca é mañá


Factoría K Rústica
14,5 x 21 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-15250-69-2
13 €

Clave de bóveda

Factoría K Rústica
14,5 x 21 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-16721-76-4
13 €

Travesía del conocimiento

Kalandraka Rústica
15 x 23,5 cm 58 páxinas
ISBN: 978-84-1343-235-9
15 €



Carlos Pazos-Justo e Roberto Samartim (Eds.)

50 anos de Abril na Galiza

“Com renovada sorpresa e igual admiración relemos o Preámbulo da Constitución da República Portuguesa que non é mais, interpretamos, do que uma homenagem à chamada Revolución dos Cravos. É também uma referencia ineludível do significado a posteriori de Abril de 1974”. Nesta dirección, e em linha com outras muitas actividades e propostas que em Portugal e noutras latitudes vão surgindo, este libro pretende, com lógica comemorativa, assinalar os cincuenta anos da Revolución dos Cravos a partir da Galiza. Pretende igualmente, com mais modestia, contribuir para uma maior aproximación ao proceso histórico, resgatando também algumas memorias portuguesas e galegas.

Através Rústica 16,5 x 23,5 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-16545-91-9
15,20 €



Tereixa Constenla

Abril é un país

Os heroísmos descoñecidos da revolución dos caraveis

Trátase dun traballo minucioso que, combinando a investigación documental e a entrevista a moitos dos protagonistas daquel fito histórico, achega “heroísmos descoñecidos” dun acontecemento no que o mundo enteiro puxo a mirada. Tereixa Constenla (A Estrada, 1968) é correspondente do xornal *El País* en Lisboa dende xullo de 2021. Foi xefa da sección de Cultura do mesmo diario e redactora de *Babelia*. Antes de dedicarse ao xornalismo cultural, traballou como reporteira de temas sociais en Andalucía, tanto en *El País* como en *Ideal*.

Ágora K Rústica 13,5 x 20,5 cm 360 páxinas
ISBN: 978-84-19213-52-5
18,05 €



Fran Fernández Davila

Palabras mortas

“Poemario irreverente, posoptimista, cheo de non-humor e ideas cínicas sobre a desaparición da cultura galega, o desleixo da lingua, a subrogación da identidade de país en pos dunha estirpe na que nunca se integrará a persoas con máis de cinco vogais, os medios de comunicación escrupulosos...”


Medulia Rústica
14,8 x 21 cm 68 páxinas
ISBN: 978-84-19438-96-6
14,90 €

Vicente Risco

Doutrina e ritual da moi nobre orde Sancto Graal

No ano 1914 Vicente Risco asiste en Madrid ao Parsifal de Wagner, de inspiración celto-cristiá, que considera como “arte suprema”. Foi a inspiración para o borrador da Doutrina do Sancto Graal, reivindicación do seu simbolismo: o cáliz, a estrela, o corno, os montes sacros de Galicia..., desde un realismo máxico que lle porá aura á creatividade daquel tempo. Felipe-Senén López Gómez achega nesta edición un pormenorizado estudo, transcripción e notas, ao redor dos textos dun Risco impregnado do panceltismo que floreceu na Galicia de finais do século XIX e inicios do XX.

Galaxia Rústica
22 x 24 cm 256 páxinas
ISBN: 978-84-1176-207-6
27,07 €




Brais Suárez González

Mar branco

Crónicas de Rusia e Europa Oriental

Un remuíño de crónicas que van dos Balcáns ao Báltico, dun Kiiv enfermo a un San Petersburgo concupiscente e das chairas árticas á tropical Crimea, pasando por retiros ortodoxos e cidades remotas. En tren e autostop, o percorrido obedece á fascinación estética que a arquitectura brutalista e as paisaxes xeadas suscitan nun xornalista que prefire ser escritor. Polo camiño, da man da literatura e novos personaxes, Rusia desprega a súa cultura, gastronomía e carácter. Pero tras a liberdade eufórica e inconsciente das primeiras viaxes, ábrese paso unha visión máis madura, co sabor da emigración e o fedor do nacionalismo e da guerra, que revela as tebras do país e pon final ao libro. Lirmiar de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Galaxia Rústica
196 páxinas
ISBN: 978-84-1176-204-5
23,75 €




Manuel Veiga A literatura galega contada aos escépticos

Algúns afeccionados á lectura nunca len libros en galego. E non só por falta da competencia lingüística suficiente. Hai outros motivos: a maior oferta en castelán ou a presenza en lugar subalterno dos libros na nosa lingua. "Moitos lectores e lectoras son escépticos, ademais, porque ven o producido en Galicia como unha sorte de material de segunda clase (...) Con todo, o propósito deste libro non é destacar o bo que hai publicado. Trátase, máis ben, dunha interpretación persoal da nosa literatura recente. Falamos dalgúns das correntes principais e das súas limitacións, e analizamos o esforzo dalgúns autores e autoras por superar os límites convencionais. A conclusión é que, a pesar da magera de público, a literatura galega está viva. Pero, descubrir as súas claves e os seus eixes primordiais, non sempre é fácil". Manuel Veiga Taboada.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1176-200-7

14,80 €



Alexandre Peres Vigo Galaicofobia

Desde unha profunda vocación didáctica, este libro afonda no coñecemento dun fenómeno tan experimentado pola sociedade galega como poucas veces nomeado: o desprezo polo pobo galego. O autor deita a súa ollada nos numerosos testemuños literarios que ao longo da historia mostraron as súas filias e, sobre todo, as súas fobias contra Galicia, a súa lingua e a súa cultura. Nesta viaxe no tempo descóbreuse unha serie de tópicos antigalegos, crueis e ridiculizados, nados na Meseta castelá. "Esta é –en palabras da editora– unha obra clara e sintética que dá resposta á eterna pregunta que boa parte da sociedade galega leva facéndose moito tempo: por que nos tratan así?".

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 190 páxinas

ISBN: 978-84-1176-138-3

21,80 €




Henrique Monteagudo Galiza mater, raíz anterga Manuel Rodrigues Lapa na lingua e na cultura galegas

"Á Galiza de sempre, raíz anterga da nosa cultura, adico afevodadamente iste libro". Velai a dedicatoria que Manuel Rodrigues Lapa antepuxo á súa monumental edición das *Cantigas d'escarinho e maldizer dos cancioneiros trovadorescos galego-portugueses* (1965). Henrique Monteagudo atopa nesta dedicatoria a chave do ollar que Lapa deitou sobre Galicia e a paixón polo seu idioma. Neste libro, botando man da correspondencia de Lapa con Del Riego e Ramón Piñeiro, e mais dos fondos que o autor legou á Fundación Penzol, desenvólvese unha análise das súas ideas sobre o galego e percórrese a súa colaboración coa resistencia galeguista nucleada arredor de Editorial Galaxia, especialmente entre 1950 e 1971, unha estreita relación en que Francisco Fernández del Riego xogou un papel clave, e da que a edición das *Cantigas* é testemuño perenne.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 158 páxinas

ISBN: 978-84-1176-202-1

16,34 €




Ramón Nicolás Antoloxía do Rexurdimento (1853-1916)

O Rexurdimento representa un período brillante e inaugural da literatura galega. Esta antoloxía sintetiza o espírito e as voces dese momento crucial. Logo dun breve estudo introdutorio e de notas biográficas actualizadas, ofrece unha selección de textos e unha proposta de carácter didáctico á que se pode acceder a través dun código QR.

Xerais Rústica
14,5 x 21 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-531-6

13,50 €



Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez Papés d'emprenta condenada (III)


Novos textos, reflexións finais

A Comisión Técnica de Prensa Histórica do Consello da Cultura Galega impulsou un proxecto de investigación que tiña o obxectivo de reunir todos os textos conservados, manuscritos ou impresos, que se escribiron en galego entre 1797 e 1846. En 2008 deuse a coñecer a primeira entrega deste proxecto e agora ofrécense outros doce papeis novos.

C. da C. Galega Rústica
17 x 24 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-17802-61-5

17,10 €



Cleofé Tato (Ed.) ¿Qué se fizo aquel trobar?


La poesía de cancionero ayer y hoy

